

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

AXENDA INSTITUCIONAL DE ALTOS CARGOS DA XUNTA DE GALICIA PARA HOXE, XOVES, 25 DE XUÑO DE 2026**PRESIDENCIA****VIGO**

12,30 h.- O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, acompañado polo conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, Román Rodríguez, asistirá á toma de posesión de Carmen García Mateo como reitora da Universidade de Vigo.

PONTEVEDRA

19,00 h.- O titular do Executivo autonómico, Alfonso Rueda, acompañado polo conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, José López Campos, participará na inauguración da exposición *A derradeira leición do mestre*.

TURISMO DE GALICIA**NOIA (A Coruña)**

11,30 h.- O director de Turismo de Galicia, Xosé Merelles, presentará o Festival Internacional de Arpa Vila de Noia (Noia Harp Fest).

SANTIAGO DE COMPOSTELA

13,30 h.- O director de Turismo de Galicia, Xosé Merelles, asistirá á xornada institucional *Cádiz 365 días del año*.

FISTERRA (A Coruña)

18,00 h.- O director de Turismo de Galicia, Xosé Merelles, participará nunha presentación sobre mobilidade sostible do antigo asesor da Casa Branca, Jeff Olson.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

DELEGACIÓN TERRITORIAL DA CORUÑA

IRIXOA (A Coruña)

11,30 h.- A delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo, participará na inauguración do obradoiro de emprego *Obradoiro Forestal Lembre Mandeo 2026*.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE FERROL

FERROL

11,00 h.- A delegada territorial da Xunta en Ferrol, Martina Aneiros, visitará a empresa Artemisa con motivo das axudas á primeira experiencia profesional das persoas mozas.

18,00 h.- A delegada territorial da Xunta en Ferrol, Martina Aneiros, asistirá á inauguración da exposición *Origen*.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

CHANTADA (Lugo)

12,00 h.- O delegado territorial da Xunta en Lugo, Alfonso Villares, participará na entrega de material de extinción de incendios a diferentes concellos.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE PONTEVEDRA

PONTEVEDRA

10,30 h.- O delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Pablo Fernández, ofrecerá unha rolda de prensa xunto ao director territorial de Ence en Galicia, Antonio Casal, con motivo do Plan Social Pontevedra de Ence.

CALDAS DE REIS (Pontevedra)

12,30 h.- O delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Pablo Fernández, visitará a Gasolinera Los Ángeles Gas, con motivo das axudas para a modernización tecnolóxica e dixital nas estacións de servizo de ámbito rural e mellora da seguridade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE VIGO

VIGO

- 11,00 h.-** A delegada territorial da Xunta en Vigo, Ana Ortiz, visitará a montaxe do Galicia Fest.
- 19,00 h.-** A delegada territorial da Xunta en Vigo, Ana Ortiz, asistirá á inauguración da exposición *Luis de Camões, o futuro do pasado*.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

SAN CAETANO

- 10,00 h.-** O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, **Diego Calvo**, e a conselleira do Medio Rural, **María José Gómez**, participarán na reunión do Comité Integrado de Prevención de Incendios de Galicia (Cipig), á que asistirán o delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco; mandos das forzas e corpos de seguridade en Galicia e representantes dos Ministerios de Interior, de Defensa e para a Transición Ecolóxica e do Reto Demográfico.

MADRID

- 20,00 h.-** O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, **Diego Calvo**, acompañado polo director xeral de Xustiza, José Tronchoni, e o director da Casa de Galicia en Madrid, Luis E. Ramos, participará no acto de nomeamento de Isabel Perelló, presidenta do Tribunal Supremo e do Consello Xeral do Poder Xudicial, como membro de honra da Asociación de Xuristas Galegos en Madrid (Iurisgama).

OURENSE

- 13,30 h.-** O director xeral de Emerxencias e Interior, Santiago Villanueva, participará na xornada técnica *Intervencións transfronteirizas derivadas de riscos naturais*.

A CORUÑA

- 18,30 h.-** O secretario xeral para o Deporte, Roberto García, participará na entrega de trofeos de fin de temporada das competicións de fútbol 8 organizadas pola Asociación de Fútbol Afeccionado da Coruña (AFAC).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

ARTEIXO (A Coruña)

11,00 h.- A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, **Ángeles Vázquez**, visitará a planta de Estrella Galicia.

VIGO

12,00 h.- A directora xeral de Patrimonio Natural, Marisol Díaz, participará na rolda de prensa de presentación da *Tripla Coroa Illas Atlánticas*.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

SANTIAGO DE COMPOSTELA

09,30 h.- O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, **Román Rodríguez**, participará na apertura do *V Simposio Internacional. A aprendizaxe-Servizo e a Educación Superior*.

SAN CAETANO

10,00 h.- O secretario xeral técnico, Manuel Vila, reunirse por videoconferencia con representantes das anpas, da Federación Galega de Municipios e Provincias e do ensino concertado para informar sobre a nova convocatoria da orde de axudas ás familias para comedores escolares.

IGO

10,00 h.- A directora xeral de Formación Profesional, Eugenia Pérez, asistirá á presentación do proxecto *O xemelgo dixital* do Instituto Politécnico de Vigo.

15,30 h.- A directora xeral de Formación Profesional, Eugenia Pérez, asistirá ao Encontro anual do programa *Erasmus+*.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

RIBADUMIA (Pontevedra)

12,00 h.- A conselleira de Política Social e Igualdade, **Fabiola García**, visitará o campamento municipal.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

PONTEVEDRA

09,00 h.- A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, **María Martínez Allegue**, asistirá á reunión do Consello de Administración de Sociedade de Vivenda Pública de Galicia.

10,00 h.- A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, **María Martínez Allegue**, dará conta dunha nova licitación de vivenda pública.

SAN CAETANO

16,00 h.- A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, **María Martínez Allegue**, xunto a directora xeral de Urbanismo, Encarnación Rivas, asinará coa alcaldesa da Bola, María Teresa Barge, a colaboración para executar obras no municipio marco do plan Hurbe.

17,30 h.- A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, **María Martínez Allegue**, xunto a directora xeral de Urbanismo, Encarnación Rivas, asinará co alcalde do Porriño, Alejandro Lorenzo, a colaboración para executar obras no concello no marco do plan Hurbe.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

SAN LÁZARO

11,00 h.- O conselleiro de Sanidade, **Antonio Gómez Caamaño**, intervirá na inauguración da asemblea xeral do Clúster Saúde de Galicia.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

12,30 h.- O conselleiro de Sanidade, **Antonio Gómez Caamaño**, xunto co xerente da área sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, Ángel Facio, pechará o acto de presentación da memoria anual de actividades do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

PONTEVEDRA

18,30 h.- O conselleiro de Sanidade, **Antonio Gómez Caamaño**, acompañado polo delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Pablo Fernández, asistirá á charla aberta coa cidadanía do doutor Julio Mayol *IA, unha oportunidade evolutiva*, dentro do ciclo *Pontevedra, quen pasa? 6 expertos en saúde, 6 meses*.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

CIDADE DA CULTURA

09,30 h.- O director xeral de Cultura, Anxo M. Lorenzo, presidirá a xuntanza do Consello de Avaliación Documental de Galicia.

TUI (Pontevedra)

10,00 h.- O director xeral de Patrimonio Cultural, Ángel Miramontes, participará na celebración do VIII Centenario da Dedicación da Catedral.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

11,00 h.- O secretario xeral da Lingua, Valentín García, presentará o obradoiro *De Vacas: humor, retranca e nova oralidade*.

A CORUÑA

12,00 h.- O director xeral de Cultura, Anxo M. Lorenzo, participará na presentación en **rolda de prensa** do festival *Viñetas desde o Atlántico*.

XIXÓN (Asturias)

12,00 h.- O director da Axencia Galega das Industrias Culturais, Jacobo Sutil, participará na presentación do VIII Camiño Escena Norte.

SALVATERRA DE MIÑO (Pontevedra)

14,00 h.- A directora xeral de Xuventude, Lara Meneses, participará na presentación do festival *O Son da Muralla*.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

RIBEIRA (A Coruña)

11,00 h.- O conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, **José González**, acompañado polo director xeral de Comercio e Consumo, Gabriel Alén, visitará a praza de abastos do municipio recentemente distinguida co selo autonómico de Mercado Excelente.

MONDARIZ BALNEARIO (Pontevedra)

19,30 h.- A secretaria xeral de Emprego e Relacións Laborais, Susana Pérez Iglesias, intervirá no arranque do encontro *Medrando xuntas entre mulleres*, impulsado desde o Polo de emprendemento do Porriño.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

QUIROGA (Lugo)

13,00 h.- A conselleira do Medio Rural, **María José Gómez**, acompañada pola directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Paz Rodríguez, visitará Aceiroga, beneficiaria das axudas para proxectos en actividades non agrícolas.

MADRID

11,00 h.- O director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, José Balseiros, participará na reunión de Directores Xerais de Sanidade e Hixiene Animal e Vexetal.

FRIOL (Lugo)

11,30 h.- O director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, Martín Alemparte, reunirse con Lanzán Gandaría, produtores de IXP Ternera Gallega con certificación ecolóxica.

13,00 h.- O director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, Martín Alemparte, asistirá ao curso de inseminación artificial de bovinos impulsado pola Consellería do Medio Rural.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MAR

BRUXELAS (Bélxica)

09,00 h.- A conselleira do Mar, **Marta Villaverde**, participará na reunión para o traspaso a Galicia da representación das Comunidades Autónomas en materia de pesca no Consello de Ministros de Agricultura e Pesca da UE (Agrifish).

10,30 h.- A conselleira do Mar, **Marta Villaverde**, participará no acto *Trazar a reforma da PPC para garantir o futuro da pesca e as comunidades costeiras de Europa*, organizado pola Xunta de Galicia, o Comité Europeo das Rexións (CdR) e a Conferencia de Rexións Periféricas Marítimas (CRPM).

VILAGARCÍA DE AROUSA (Pontevedra)

10,00 h.- A directora do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (Intecmar), Covadonga Salgado, recibirá a responsables do Laboratorio Nacional de Sanidade Vexetal e Hixiene (LNSVH).

SANTIAGO DE COMPOSTELA

12,00 h.- O director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, Isaac Rosón, reunirse con responsables de Astilleros del Ulla.

MARÍN (Pontevedra)

12,00 h.- A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, Ángeles V. Suárez, visitará o Centro de Formación A Aixola.